Resolución 1/2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado pola Orde do 11 de agosto de 2026, pola que se se lle da publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 21 de outubro de 2026 e as posteriores, o tribunal nomeado por Resolución do 15 de outubro de 2026 (DOG número 200 do 21 de outubro) para cualificar o proceso selectivo unitario de acceso por promoción interna nos corpos da Policia Local de Galicia, escala executiva, categoría de inspector, convocado mediante orde de 11 de agosto de 2026, de conformidade coas bases da convocatoria, adoptou os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.: Informar da constitución válida e legal deste tribunal con data 21 de outubro de 2026.

SEGUNDO.: Publicar como anexo I a esta Resolución a baremación provisional da fase de concurso, coa indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante en cada epígrafe e total, por orde decrecente de puntuación.

Ao abeiro do previsto na base 7.13 da convocatoria, concédese un prazo de cinco (5) días a efectos de alegacións á baremación provisional, a contar dende o día seguinte a publicación desta resolución na páxina web da Agasp e presentaranse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Non se valorarán nas alegacións que se presenten, méritos novos nin os que non se houberan acreditado con anterioridade.

O Anexo I identifica as persoas aspirantes de forma limitada, conforme á normativa de protección de datos.

TERCEIRO.: A primeira proba do proceso selectivo de acceso por promoción interna, terá lugar o **dia 21 de novembro de 2026, en chamamento único as 10:00 horas, na sede da Agasp**.

Esta proba de avaliación de coñecementos consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 120 preguntas tipo test máis 10 de reserva, propostas por este Tribunal, con 4 alternativas de resposta cada unha, das cales só unha delas é correcta.

As persoas aspirantes dispoñerán dun tempo máximo de dúas (2) horas para a súa realización.

As persoas aspirantes deberán cumprir as seguintes regras:

- Deberán ir provistas de:

    a) DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade e mantelo en todo momento que duren o/os exercicios enriba da mesa asignada.

Non se permitira o acceso a realización das probas con calquera tipo de dispositivo electrónico ou non, de transmisión ou recepción de datos, imaxes ou son (tales como teléfonos móbiles, reloxos de calquera tipo, auriculares, dispositivos intrauditivos ou calquera outro elemento análogo), nin libros, apuntamentos ou calquera material de consulta.
A posesión de calquera destes elementos no lugar de realización das probas, aínda que estean apagados ou sen empregar, ou a mera sospeita fundada de fraude por copia ou axuda externa, será causa de expulsión inmediata do proceso selectivo, sen prexuízo das responsabilidades penais ou disciplinarias en que poida incorrer a persoa aspirante.
7.7 Medidas de seguridade e prevención do fraude.
Co fin de garantir os principios de igualdade, mérito e capacidade, o tribunal e o persoal colaborador adoptarán as medidas necesarias para evitar calquera tipo de fraude ou copia durante o desenvolvemento das probas.
A estes efectos, poderanse aplicar as seguintes medidas de control:

Asinado por: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 08/11/2026 23:27:13

CVE: 7UqyQGzVm1
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

a) O persoal aspirante accederá á realización das probas coas orellas despexadas e as bonecas visibles para comprobar a ausencia de auriculares, dispositivos intrauditivos, reloxos ou calquera outro dispositivo non autorizado. O tribunal poderá requirir en calquera momento a inspección visual destes elementos.
b) Non se permitirá o acceso á realización da proba de coñecementos e coñecementos da lingua galega nin as probas psicotécnicas con bolsas, mochilas, carpetas ou abrigos.
c) O persoal colaborador e o tribunal poderán utilizar dispositivos técnicos de detección de frecuencias ou metais nas aulas para identificar a presenza de aparellos electrónicos ocultos ou activos.
d) No caso de que se detecte a unha persoa aspirante copiando, comunicándose co exterior ou portando algún dos dispositivos prohibidos e sinalados na base 7.6, o tribunal procederá á súa expulsión inmediata da aula, retirándolle o exame e levantando acta detallada dos feitos. Esta persoa quedará automaticamente excluída do proceso selectivo e perderá todos os dereitos derivados da súa participación.

- Poderase abandonar o lugar de realización da proba unha vez rematada a mesma, agás nos primeiros e nos derradeiros 30 minutos do tempo establecido, sempre e cando sexa autorizado polo persoal de organización seguindo as indicacións do tribunal.

- O chamamento establécese ás 10:00 horas da mañá e as persoas aspirantes que non comparezan ao chamamento entenderanse decaídas no seu dereito a continuar no proceso selectivo.

- Rematado o exercicio por tódalas persoas aspirantes, publicarase na páxina web da Agasp (https://agasp.xunta.gal) o enunciado e o cadro de respostas correctas desta proba.

- A cualificación farase atendendo á seguinte fórmula: N=(A-F/3)/12, onde N é a nota final da proba; A son as preguntas acertadas; F son as preguntas falladas ou non contestadas.

CUARTO.: Remitir á Academia Galega de Seguridade Pública esta resolución e os seus anexos para a publicación na súa páxina web.

A Estrada, asinado dixitalmente

Paula Cajaraville Leiro
Presidenta do Tribunal

Asinado por:: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 08/11/2026 23:27:13

CVE: 7UqyQGzVm1
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

ANEXO.
BAREMACIÓN PROVISIONAL.CONCURSO

DNI	EPÍGRAFE 1	EPÍGRAFE 2	EPÍGRAFE 3	EPÍGRAFE 4	EPÍGRAFE 5	EPÍGRAFE 6	EPIGRAFE 7	TOTAL PUNTUACIÓN
53172249K	4,00	3,80	8,00	0,00	3,90	2,00	0,28	21,98
32700375X	2,50	3,20	8,00	0,00	2,00	2,00	0,40	18,10
34265698E	2,00	4,00	8,00	0,00	1,30	2,00	0,00	17,30
76991302K	0,00	4,00	8,00	2,00	1,30	2,00	0,00	17,30
36154871K	4,00	1,40	8,00	0,00	1,30	2,00	0,40	17,10
33350085Q	2,00	3,80	8,00	0,00	1,30	2,00	0,00	17,10
53112798W	2,00	3,20	8,00	0,00	1,30	2,00	0,00	16,50
32695987S	2,50	3,20	8,00	0,00	0,65	2,00	0,00	16,35
44815407E	0,00	4,60	8,00	1,75	0,00	1,50	0,00	15,85
36173504R	0,00	1,40	8,00	0,00	4,00	2,00	0,00	15,40
33292034V	0,00	4,00	8,00	1,75	1,30	0,00	0,00	15,05
36176553Z	2,00	1,80	8,00	0,00	1,30	1,50	0,20	14,80
76900274G	2,00	1,80	8,00	0,00	0,00	2,00	0,20	14,00
34897964H	2,50	4,00	8,00	0,00	0,00	2,00	0,00	14,00
53184995W	0,00	3,20	8,00	0,00	0,00	2,00	0,40	13,60
44835577K	0,00	3,40	8,00	0,00	0,00	2,00	0,00	13,40
79337054A	0,00	1,40	8,00	0,00	0,00	0,00	0,00	9,40

CVE: 7UqvQGzVm1
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

Asinado por:: CAJARAVILLE LEIRO, PAULA
Cargo: Fiscal
Data e hora: 08/11/2026 23:27:13